

ANTROPOLOXÍA e POLÍTICA están en Platón íntimamente conectadas, pois a configuración social do Estado debería depender, segundo o seu modelo utópico exposto en A República, do exercicio virtuoso das súas funcións naturais polos tres tipos de homes que existen.

A visión do ser humano (antropoloxía) platónica é dualista (ao igual que a súa ontoloxía e a súa epistemoloxía): se antes falábamnos de cousas e ideas, agora o facemos de corpo e alma.

O mito do carro alado (ou mito do auriga), no diálogo de madurez Fedro, enlaza o anterior. Compara a alma humana cun carro alado, tirado por dous cabalos e conducido por un auriga. Un dos cabalos é negro, feo e malo, e o outro, branco, belo e bo.

O cabalo branco simboliza as tendencias positivas do home, paixóns como a coraxe, valor, ira...Coñécese como alma irascible.

O cabalo negro simboliza as tendencias negativas do home, os desexos máis baixos, o instinto de conservación, a sexualidade, os praceres do corpo...Chámaselle alma ou parte concupiscible.

O auriga simboliza a capacidade racional do ser humano ou pensamento; é a parte racional da alma.

A alma simbolizada polo carro alado, vive e móvese no mundo das ideas; este o seu lugar orixinario, a súa casa. Se o auriga controla a parella de cabalos, seralle posible, gracias ao poder das ás, elevarse e gozar da contemplación das ideas. Agora ben, se, pola contra, os cabalos se lle rebelan e non sabe elevalos, terao moi difícil para contemplar as ideas.

Ás veces pérdese o equilibrio a alma, que, ao perder tamén as ás, cae ao mundo das cousas. Alí préndese en algo sólido (un corpo). Esa alma caída, sen ás e aprisionada dentro dun corpo terrestre, encóntrase extraña e fora do seu elemento. O seu anhelos máis grande é retornar ao seu mundo orixinal.

Para retornar ten que recuperar as ás, pero, como? Impulsada polo desexo (eros) de aquilo que lle falta, e pola boa condución da razón, da intelixencia.

A estas tres partes da alma correspóndenlle as virtudes (excelencia) da moderación (ou temperanza), da fortaleza e da sabedoría. A primeira é propia da alma concupiscible, a segunda da irascible e a terceira da alma racional. Finalmente, se cada parte fai con excelencia ou virtude o que lle é adecuado, entón hai harmonía na alma. A esa harmonía ou equilibrio entre as partes da alma é a o que Platón chama XUSTIZA.

Na antropoloxía platónica a alma é altamente valorada e o corpo infravalorado. Son dúas entidades desiguais: o corpo é físico e mortal, sensible e imperfecto, materia caduca e desprezable. A alma, por outro lado, é inmortal, é intelixible e perfecta; é o que define ao ser humano e lle permite alcanzar o máis elevado. Ou sexa, o corpo pertence ao mundo das cousas sensibles e temporais, mentres que a alma é orixinaria do mundo das ideas eternas.

Pero é precisamente este dualismo e a nobre orixe da alma o que fai posible o coñecemento das ideas. As abstractas e inmateriais ideas son alcanzables porque a alma forma parte deste mundo perfecto do que, só temporalmente, foi expulsada.

A estrutura tripartita da alma reflectese no modelo POLÍTICO defendido por Platón no seu libro Politeia (A República).

O Estado que diseña é un Estado ideal que debería servir de exemplo a todos os Estados históricos concretos. Neste sentido, a República de Platón non se encontra nin se encontrará en ningún lugar, é unha UTOPIA (u-non; topos-lugar). Non obstante constitúe unha sociedade ideal, e polo tanto o modelo que se debe seguir se se pretende conseguir o ben e a xustiza da sociedade e a felicidade dos seus membros.

Platón fala da conveniencia de tres clases sociais: a dos produtores (traballadores), os guerreiros (defensores) e os gobernantes.

Os produtores non deben exercer actividade política, non é a súa función. Eles teñen que ofrecer aos habitantes da polis os recursos necesarios para satisfacer as necesidades básicas. O seu comportamento debe caracterizarse pola moderación.

Os guerreiros (militares) serán os que defendan e protexan a cidade tanto de calquer enemigo externo como de conflitos ou alborotos internos. A súa virtude é a valentía ou fortaleza.

Os gobernantes constitúen a clase das persoas sabias, das que accederon ao coñecemento, á contemplación das ideas; só eles deben tomar as decisións políticas. A súa virtude é a sabedoría. É a famosa teoría platónica do rei-filósofo.

Pero, quen determinará a que clase pertence cada individuo?

Segundo Platón, a propia natureza e o carácter personal predispóñenos e fannos especialmente aptos para un determinado tipo de tarefas. Os individuos non son iguais, pero esta desigualdade non se basa en criterios externos, como a capacidade económica, senón en criterios máis naturais, como a capacidade física e, especialmente, a intelectual.

Seguindo co paralelismo entre a estrutura tripartita da alma e do Estado, haberá **xustiza** cando, na polis, cada clase realiza, como membros dun só corpo, o que lles corresponde en función da súa natureza. Só entón haberá no Estado orde e harmonía. E polo tanto só así poderán acadar todos os membros da sociedade unha vida óptima, boa e feliz.

O mecanismo para determinar a que clase debe pertencer cada individuo é a educación. Platón foi o primeiro en reivindicala como un dos elementos básicos para lograr unha sociedade mellor. A súa selectiva educación esixe control de lecturas, cantos, a práctica da ximnasia e da música. Os mellores nestas actividades estudarán matemáticas e astronomía, e só os mellores de todos serán preparados para gobernar no exercicio da dialéctica.

Este Estado utópico que diseña Platón é un Estado aristocrático, no sentido orixinal da palabra: de aristos, “os mellores”, e kratos, “poder”. Tamén na República fala doutros reximes que consideraba dexeneracións do Estado aristocrático; son catro posibles “enfermidades” do Estado.

ENFERMIDADES DO ESTADO			
Formas de Estado	Orixe	Gobernantes	Características
Timocracia	Dexeneración da aristocracia	Os homes de acción, a clase dos militares	Caracterízase pola ambición da clase militar, que non mira polo ben e pola felicidade comúns, senón pola súa prosperidade persoal.
Oligarquía	Dexeneración da timocracia	A clase dos poderosos e adinerados	Caracterízase pola cobiza da clase dirixente, que só busca enriquecerse. Esta clase convértese en explotadora das outras.
Democracia	Dexeneración da oligarquía	O pobo	Caracterízase pola liberdade e pola igualdade. Isto non é positivo, como poderíamos pensar, xa que todo o mundo fai e di o que quere. Ademais, os pobres iguálanse aos ricos, os ignorantes aos sabios, os corruptos aos virtuosos. A dirección do Estado non se reserva ás mans máis preparadas e mellores.
Tiranía	Dexeneración da democracia	Un líder ambicioso e carismático	É a dexeneración política extrema, consecuencia das pelexas e guerras civís froito da democracia. Neste clima de inestabilidade, álzase un «salvador» que acaba por se converter en onnipotente e corrompe e atemoriza os outros.



EPÍLOGO

Para facer unha valoración global da filosofía de Platón, compre recordar, en primeiro lugar, a inmensa repercusión en multitude de ámbitos e épocas. Xa mencionamos que mesmo no cine contemporáneo temos exemplos de películas inspiradas en textos de Platón, como “O show de Truman”, “Matrix” e outras.

A Academia permaneceu operativa ata o ano 529 d.C., sendo o principal centro de estudos da Antigüidade, e difundindo esa influencia intelectual.

Pensem na súa concepción dualista do ser humano: un ser dividido nunha alma que mira cara arriba e un corpo atrapado no mundo das cousas. Isto marcou todo o pensamento occidental, principalmente a antropoloxía cristiá. Pero, sobre todo, influíu na visión que o home ten de si mesmo: ata non hai moito, todo o relacionado co corpo (interés pola beleza física, deporte, sexo..) estaba mal visto, fronte a ocupacións máis espirituais.

O idealismo de Platón repítese “reinventado” na filosofía dos séculos posteriores chegando ata a Modernidade, con Rene Descartes, e á época contemporánea con Hegel.

A valoración platónica das matemáticas, esquecida nos séculos medievais, renaceu con Galileo Galilei, protagonista da revolución científica nos séculos XVI e XVII. A ciencia de hoxe segue este camiño: ao coñecemento chégase pasando polas matemáticas.

A proposta política traza a primeira utopía da historia, e moitos estudosos a consideran fundamento e inspiración de proxectos políticos desenvoltos no século XX, como os Estados totalitarios (como o III Reich alemán de Hitler)

A día de hoxe seguimos a falar do “amor platónico”, das tiranías...